



ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DO 24/05/2023

(Aprobada na Comisión permanente de 05/07/2023)

Da comezo a sesión ordinaria da Comisión Permanente, ás 11:15 horas (segunda convocatoria), na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso e coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/05/2023).
- 2.- Informe da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, do "Informe de autoavaliación de renovación da acreditación do grao en Economía".
- 4.- Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

NOME	APELIDOS
OLGA	ALONSO VILLAR
M. DOLORES	GARZA GIL
XOSÉ MANUEL	GONZÁLEZ MARTÍNEZ
MAR	GONZÁLEZ SAVIGNAT
CARLOS	DE MIGUEL PALACIOS
CARMEN	OTERO NEIRA
ANA	DE PRADO VÁZQUEZ
CARMEN	VÁZQUEZ PAMPÍN
MARÍA XOSÉ	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ
JORGE	VILA BIGLIERI

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

GUSTAVO	BERGANTIÑOS CID
ENRIQUE J.	BUCH GÓMEZ
MAR	RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
JACOB	SÁNCHEZ TRONCOSO
Mª MERCEDES	VILA ALONSO

No primeiro punto da orde do día, aprobación, se procede da acta da sesión anterior (18/05/2023), a Decana explica que Olga Alonso remitiu algunhas aclaracións puntuais referidas ás súas intervencións que se incorporaron á acta.

Pide a aprobación por asentimento. A acta apróbase por asentimento.

No segundo punto, informe da Decana, M. Dolores informa do seguinte:

1.- Do acordo adoptado na Comisión do PCEO para empregar o mesmo sistema de rotación dos calendarios de exames que se aplican nos graos de Ade e Economía, así como utilizar o mesmo sistema de asignación de alumnado a grupos a través de SIGMA que se vai implantar para os graos da facultade.

2.- Que, a pesares de que, telefónicamente cando se aprobou a normativa de avaliación dende a secretaría Xeral nos dixeran que dita normativa non se ía aplicar para a elaboración das guías docentes do vindeiro curso, feita a consulta por escrito tras a anterior comisión permanente, parece que dende a Vicerreitoría de Estudantes decidiron que si se vai ter en conta.

3.- Aprobación, se procede, do “Informe de autoavaliación de renovación da acreditación do grao en Economía”. A Decana di que este informe foi sometido a unha Comisión de Calidade o día anterior, no que se fixéron uns pequenos axustes, polo que foi remitida a documentación novamente aos membros da Comisión Permanente.

Pregunta se alguén quere intervir e, ao non facelo, pídese a aprobación por asentimento. Apróbase por asentimento.

4.- No cuarto punto, rogos e preguntas ao non haber ningunha intervención levántase a sesión cando son 11:20 h.

Vº e Pr.:

A Decana

A Secretaria